

## UGT CONMEMOROU ESTE #8M CON VARIOS ACTOS NAS SÚAS COMARCAS E COA ENTREGA DA DISTINCIÓN “MULLER TRABALLADORA” A VARIAS COMPAÑEIRAS COMO RECOÑECEMENTO Á SÚA TRAXECTORIA SINDICAL



*Victoria Rivadulla (homenaxeada en Compostela)*



*Azucena Bermúdez (homenaxeada na Coruña)*



*Marga Ferreira (homenaxeada en Ferrol)*



*Delia Iglesias (homenaxeada en Ourense)*



*Margarita Barcia (homenaxeada en Pontevedra)*



*Orisia Alonso (homenaxeada Vigo)*

## UGT TAMÉN CONTOU CUNHA AMPLA REPRESENTACIÓN NAS MANIFESTACIÓNS DO #8M



Vigo



Coruña

## UGT-GALICIA CHAMA Á MOBILIZACIÓN ESTE SÁBADO ÁS 12.00 PORQUE "HAI QUE PARAR A GUERRA EN ORIENTE MEDIO"

**Redacción..-** Este sábado ás 12.00 horas no conxunto do país celebraranse concentracións convocadas polo movemento "Parar A Guerra", do que UGT forma parte, co obxectivo de defender o pacifismo e a causa democrática en Irán e no mundo.

A través destas alianzas queremos pór en valor unha vía democrática e popular fronte ao belicismo estadounidense e israelí e fronte á teocracia dos aiatolás. Unha opción que representa os verdadeiros intereses do pobo iraní e non os do imperialismo ou a tiranía duns poucos.

Máis aló da complexa situación de Irán, o mundo atravesamos un momento especialmente crítico. As tensións internacionais derivaron en agresións e ataques permanentes que incrementan o risco dunha escalada bélica de consecuencias imprevisibles. A situación en Oriente Medio mostra con claridade esta perigosa dinámica, onde a violencia e a lóxica militar ameazan con estender o conflito a toda a rexión.

Por isto, UGT súmase ás concentracións convocadas para o próximo 14 de marzo polo movemento "Parar a Guerra" que se celebrarán en máis de 150 cidades de todo o Estado, en defensa da paz, o dereito internacional e a protección da poboación civil..

Neste senso, UGT-Galicia fai un chamamento á cidadanía a participar nas concentracións que están previstas nesta Comunidade.



## CONCENTRACIÓNS

| POBOACIÓN        | LUGAR               |
|------------------|---------------------|
| Coruña           | Praza do Obelisco   |
| Ferrol           | Praza de Armas      |
| Toques           | Praza do Concello   |
| Tui              | Praza da Inmaculada |
| Rianxo           | Diante do Concello  |
| San Cibrao-Cervo | Praza dos Campos    |
| O Barco          | Diante do Concello  |
| Pontevedra       | Praza de España     |
| Vigo             | Marco               |
| Porto do Son     | Diante do Concello  |
| Lugo             | Diante do Concello  |

| POBOACIÓN  | LUGAR                 |
|------------|-----------------------|
| Betanzos   | Praza da Constitución |
| Silleda    | Praza da Igrexa       |
| Monforte   | Praza de España       |
| Santiago   | Praza do Toural       |
| Vilagarcía | Praza de Galicia      |
| Redondela  | Diante do Concello    |
| Pontedeume | Praza Real            |
| Ares       | Diante do Concello    |
| Xinzo      | Praza Maior           |

## OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE APPLUS NORCONTROL MOBILÍZANSE POR UN CONVENIO XUSTO E POLO SEU FUTURO LABORAL

**Redacción.-** O Comité de empresa de APPLUS NORCONTROL denuncia publicamente a insuficiente proposta empresarial no contexto da negociación do convenio.

Os traballadores e traballadoras esixen unha nova estrutura de táboas salariais que evite que os niveis inferiores sexan absorbidos sistematicamente polo SMI e que permita manter as diferenzas salariais entre as distintas categorías profesionais.

Ademais demandan a recuperación do poder adquisitivo e que os complementos salariais non sexan nin compensables nin absorbibles.

En canto ás dietas e gastos de desprazamento, pídese que se actualicen e que sexan suficientes para cubrir os custos reais.

A definición clara das categorías profesionais que garanta a ubicación de cada traballador segundo as tarefas que desempeñan é outra das demandas que se poñen enriba da mesa.

Xa nun eido máis social, reclámase a creación dun novo permiso de horas para acudir a citas médicas e medidas de conciliación.

A día de hoxe, os traballadores e traballadoras de Applus Norcontrol denuncian unha situación de incerteza e, por iso, tomaron a decisión de abrir un calendario de mobilizacións. Así, o pasado mércores concentráronse nos centros que esta empresa ten en Sada, Vigo e Ourense.



## NOVA MOBILIZACIÓN DO SECTOR DO COMERCIO DE METAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA POLA MELLORA DAS SÚAS CONDICIÓNS LABORAIS



**Redacción.-** O sector do comercio de metal da provincia de Pontevedra mobilizouse de novo o pasado sábado no IFEVI de Vigo, coincidindo co salón do automóbil. Denunciaron de novo as condicións laborais inadmisibles que pretende impoñer a patronal.

Así, a patronal dun sector que aglutina na provincia unhas 10.000 persoas pretende acabar co dereito a cobrar o 100% do salario dende o primeiro día de baixa e suspender por dous anos a aplicación do artigo que

impide que as empresas do sector absorban os pluses que melloran as condicións salariais de convenio.

Ambas medidas poden supoñer unha importante perda de masa salarial.

Estas propostas inasumibles levaron aos traballadores e traballadoras do sector a mobilizarse unha vez máis co fin de que a patronal retire estes recortes e as partes poidan volver a sentarse a negociar un convenio digno.

### UGT JORNADA INFORMATIVA RESUELVE TUS DUDAS SOBRE EXTRANJERÍA Y TRABAJO

En UGT te informamos y asesoramos.



- ☒ Regularización y arraigo
- ☒ Permiso de trabajo y derechos laborales
- ☒ Renovaciones y trámites
- ☒ Reagrupación familiar

**17 DE MARZO • SEDE UGT**

RÚA DE GARCÍA BARBÓN, 67 • 36201 VIGO  
MAÑANA 10:00 • TARDE 16:00

### UGT-Vigo organiza o día 17 unha xornada informativa sobre estranxeiría e traballo

**Redacción.-** O vindeiro día 17 a sede de UGT-Vigo acollerá unha xornada informativa sobre “Estranxeiría e traballo” na que os asistentes poderán asesorarse e recibir información sobre regularización e arraigo, permisos de traballo e dereitos laborais, renovación e trámites e reagrupación familiar.

## O COMERCIO VARIO MOBILÍZASE NA CORUÑA ESTE DOMINGO PARA DENUNCIAR SALARIOS E DEREITOS CONXELADOS NO SECTOR

**Redacción.-** As traballadoras e traballadores do sector do comercio vario están chamados a participar na manifestación que está convocada o vindeiro domingo, día 15, na Coruña, con saída ás 12.00 horas da Praza de Lugo.

Denuncian salarios e dereitos conxelados ante a negativa das patronais provinciais a responder ás demandas de negociación, xa que pretenden impoñer a pretensión da gran patronal estatal do comercio téxtil ARTE de negociar un convenio a nivel estatal que empeora as condicións con respecto ao provincial da Coruña.

Así, as patronais galegas insisten nun convenio estatal que deixaría mermadas as condicións sociais e laborais das traballadoras e traballadores do sector.



Cartel de manifestación do comercio vario en Coruña. No topo aparecen os logos de CIG SERVICIOS e UGT. O título principal é "SALARIOS E DEREITOS CONXELADOS NO COMERCIO VARIO". Debaxo, un grupo de persoas sosteñen un cartel que di "COMERCIO VARIO EN LOITA!!!". Á dereita, outras persoas sosteñen cartelas que diñan "ARTE NON!". O texto principal do cartel é "GRAN MANIFESTACIÓN NA CORUÑA DOMINGO, 15 DE MARZO 12:00 horas (Saída da Praza de Lugo)".

## O SÁBADO INAUGÚRASE NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VITE (SANTIAGO) A EXPOSICIÓN ITINERANTE “POSTAIS PARA IRÁN”

**Baixo o lema “Muller, vida de liberdade”**

**Redacción.-** O vindeiro sábado, día 14, a partir das 18.30 horas terá lugar no Centro sociocultural de Vite (Santiago) o acto de inauguración da exposición itinerante “Postais para Irán” que se está a organizar baixo o lema “Muller, vida e liberdade”.

Esta exposición está organizada pola UXP de UGT-Galicia, en colaboración coa Asociación iraní “Pro Dereitos Humanos” e a Asociación “Blanco, Negro y Magenta” de mulleres artistas que traballan desde as artes visuais sobre o concepto de igualdade e a loita contra a violencia machista.

### Preocupación polas mulleres de Irán

O motor desta iniciativa é a preocupación polas mulleres que en Irán arriscan a súa vida fronte ao poder patriarcal. Por iso, coa idea de darlles apoio convócase a artistas e público en xeral para que se sumen facendo postais baixo a temática de “muller, vida e liberdade”.

No acto de inauguración participarán a presidenta da Asociación iraní Pro Dereitos Humanos de España, Fariba Ehsan; a secretaria de Igualdade da UXP de UGT-Galicia, Josefa Mariño; e a secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos.

Todas aquelas persoas interesadas en participar nesta exposición poden achegar as súas postais á urna do Centro sociocultural de Vite antes do 30 de marzo. O tamaño da postal será de 140 por 90 mm. No anverso irá a obra e no reverso o lema, nome e cidade e país do autor.



Cartel da exposición "Postais para Irán". No topo, o texto "Centro Sociocultural de Vite" e "Exposición". O título principal é "Postais para Irán" en verde e vermello. Debaxo, "en Santiago de Compostela". A imaxe principal é unha ilustración dunha muller con cabelos longos e ondulados de cor verde e vermello, coa man dereita levantada en sinal de protesta. Na parte inferior esquerda, o texto "ORGANIZA:" precede os logos de UGT, UXP Galicia e a Asociación Pro Dereitos Humanos. Na parte inferior dereita, un recadro amarelo coa seguinte información: "Datos da exposición: 2 ao 31 de marzo", "Data de inauguración: 14 de marzo, no CSC de Vite ás 18:30h". Na base do cartel, o lema "Muller • Vida • Liberdade" e o logo do Centro de Santiago.

## FeSMC-UGT IMPULSARÁ UN ACORDO MARCO PARA MELLORAR AS CONDICIÓN DO SECTOR DA LIMPEZA HOSPITALARIA EN GALICIA

**Redacción.-** Este luns celebrouse unha reunión no seo do Consello Galego de Relacións Laborais entre as tres organizacións sindicais do sector e a representación das empresas que prestan os servizos de limpeza nos hospitais públicos de Galicia.

No encontro constatouse a disposición da patronal para avanzar cara un acordo que permita dar estabilidade ao sector e abordar as desigualdades existentes nas condicións laborais entre distintos centros hospitalarios.

Pola súa banda, o SERGAS xa trasladara nunha reunión anterior coas organizacións sindicais a súa vontade de avanzar cara un acordo marco que permita harmonizar as condicións laborais no conxunto do sector, permitindo igualmente establecer unha base para incluír

cláusulas sociais comúns nos pregos de condicións das distintas concesións. Con todo, a representación empresarial manifestou a necesidade de manter tamén unha reunión directa coa Xunta de Galicia para confirmar ese compromiso institucional.

Ante esta situación, na reunión celebrada esta semana acordouse solicitar formalmente a convocatoria dun encontro coa Xunta de Galicia e o SERGAS, a representación empresarial e as organizacións sindicais, co obxectivo de sentar as bases dun futuro acordo marco para a limpeza hospitalaria en Galicia.

Desde FeSMC-UGT defendemos que, cando un servizo préstase mediante contratación pública e con financiamento público, deben garantirse tamén condicións laborais dignas e homoxéneas para todas

as persoas traballadoras que o prestan.

A limpeza hospitalaria é ademais un sector altamente feminizado, esencial para o funcionamento do sistema sanitario público e que durante anos sufriu importantes diferenzas entre concesións e centros hospitalarios.

Por iso, desde FeSMC-UGT apostamos por un acordo que permita harmonizar e mellorar as condicións laborais en todos os hospitais de Galicia, garantindo avances en materia de xornada, salarios, categorías profesionais e dereitos laborais para o conxunto do sector.

FeSMC-UGT seguirá traballando con responsabilidade e determinación para alcanzar un acordo que supoña melloras reais para as traballadoras e traballadores da limpeza hospitalaria en Galicia.

## UGT e CCOO ORGANIZARÁN UNHA GRAN MANIFESTACIÓN DO SINDICALISMO EUROPEO EN MADRID

**Será o 18 de xuño para reclamar a Europa un modelo económico baseado en salarios máis altos, empregos de calidade, dereitos dos traballadores e das traballadoras e investimentos**

**Redacción.-** A Confederación Europea de Sindicatos (CES), xunto cos sindicatos UGT e CCOO, organizarán unha gran manifestación sindical en Madrid o próximo 18 de xuño para defender unha Europa de dereitos onde os estados avancen en salarios máis altos, empregos de calidade e investimentos, así como en rexeitamento a políticas de desregulación, a austeridade e a culpabilización das persoas migrantes. O Comité Executivo da CES aprobou esta mobilización, así como unha declaración de solidariedade con España ante as ameazas feitas por Donald Trump.

A mobilización e a súa celebración en Madrid a mañá do día 18 a partir das 11 horas foi aprobada no Comité Executivo da CES, no que participaron os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Unai Sordo, así como a secretaria xeral da Confederación Europea de Sindicatos, Esther Lynch.

A futura mobilización quere enviar desde España unha mensaxe clara ao resto do continente e ás institucións europeas de que outro modelo é posible, cunha economía forte e sostible baseada en salarios máis altos, em-

pregos de calidade, dereitos dos traballadores e investimentos.

O Comité Executivo da CES tamén aprobou unha declaración de apoio e solidariedade con España e o seu Goberno ante as ameazas chegadas desde a Administración estadounidense e o seu propio presidente, Donald Trump.

A Confederación de Sindicatos rexeita "da maneira máis enérxica as ameazas feitas por Trump e a Administración estadounidense contra España e o Goberno español polas súas declaracións e accións en defensa do dereito internacional", e fai un chamamento "á Unión Europea a que se manteña unida contra as ameazas externas, incluídas as da coerción económica e comercial".

A CES pide á Unión Europea responder "de maneira firme, proporcionada e unida" e estar preparada "para despregar toda a súa gama de instrumentos de defensa comercial, incluído o Instrumento Anticoerción, para protexer a todos os Estados membros da UE, incluída España, aos traballadores e as industrias de medidas co-



merciais inxustas ou motivadas politicamente".

Neste contexto de escalada bélica, que provoca gran incerteza na cidadanía europea, é máis importante que as traballadoras e traballadores, e as súas organizacións máis representativas tanto a nivel nacional como europeo, mostren unha resposta unitaria en defensa da orde internacional e os dereitos humanos.

Os sindicatos europeos reiteran neste apoio expreso a España "que a paz duradeira, o respecto do dereito internacional e a xustiza social son fundamentos esenciais para a estabilidade e a prosperidade no país e no estranxeiro".